

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN “ANTONIO NOCHE” PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INCORPORACIÓN SOCIAL A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS. PROGRAMA DE ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL.

Santiago de Compostela, a 8 de marzo de 2016

REUNIDOS:

DUNHA PARTE: Don Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; así como na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

E DOUTRA: Dña., presidente da asociación “ANTONIO NOCHE” de A Coruña, con CIF: G15210388, que actúa en nome e representación da mesma,

MANIFESTAN:

PRIMEIRO.- Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989 e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de

saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e integrará medidas encamiñadas á incorporación social dos problemas derivados dos trastornos adictivos.

SEGUNDO.-Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria é a unidade administrativa á que se refire o artigo 3.1º do Decreto 389/1994 do 15 de decembro polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas sociosanitarios e de saúde mental da Comunidade Autónoma, así como de coordinar os dispositivos dependentes doutras institucións e administracións.

Así mesmo, segundo o artigo 10.1 do Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a dita Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é a responsable de coordinar a elaboración dos obxectivos de incorporación social, asumindo as funcións que lle asignan ao Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas no Decreto 254/1997, do 10 de setembro, polo que se procede á creación do Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas, así como a colaborar na implantación e seguimento de programas de reinserción de pacientes drogodependentes que se leven a cabo na Comunidade Autónoma.

TERCEIRO.- Que a asociación ANTONIO NOCHE de A Coruña é unha entidade privada sen ánimo de lucro que desenvolve programas de incorporación social de drogodependencias prioritariamente nos ámbitos social, xurídico e laboral.

CUARTO.- Dada a especificidade técnica que requiren os devanditos programas de carácter sociosanitario e incorporación social, así como as actuacións que desenvolve a entidade no relativo á programación, coordinación, execución e avaliación das

distintas accións e a prioridade de darlle continuidade aos programas que se desenvolven a través da rede de incorporación social do Plan de Galicia sobre Drogas obxecto do convenio, non é posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 11 da Lei 4/ 2006 de 30 de xuño de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

QUINTO.- Que todas as partes consideran esencial o establecemento de accións conxuntas en materia sociosanitaria e de incorporación social de drogodependencias.

Por todo isto, dadas as razóns de interese público que constitúe o seu obxecto, e de acordo co previsto nos artigos 19.4 a) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, todas as partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Este convenio ten por obxecto o desenvolvemento de programas de incorporación social de trastornos adictivos por parte da asociación “ANTONIO NOCHE” de A Coruña, sendo a devandita entidade a responsable técnica e administrativa de xestión do programa obxecto deste convenio.

SEGUNDA.- Desenvolveranse programas no ámbito da incorporación social a través do Programa de Atención Xurídico Social (PAXS).

O PAXS deberá ser dirixido á atención integral das persoas con trastornos adictivos e problemática legal engadida, prestando axuda técnica a xuíces e fiscais sobre a realidade social e persoal, así como ao persoal asistencial e familias.

A prestación dos mencionados servizos levarase a cabo por parte dos profesionais

que integran o equipo nos diferentes dispositivos da asociación.

TERCEIRA.- A asociación comprométese a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia esixe aos beneficiarios, e acepta ademais os seguintes compromisos:

- a) Aceptar e colaborar coas medidas establecidas polo Servizo Galego de Saúde para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe o presente convenio.
- b) Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación dispostas polo Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial.
- c) Deberán ter actualizados os rexistros de tal maneira que poidan remitir á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial a actividade dos usuarios, con periodicidade semestral, facendo constar:
 - 1. Número de admisións e intervencións realizadas
 - 2. Actividades realizadas nos dispositivos da asociación.
 - 3. Así mesmo, enviarase unha relación do número de solicitudes de admisión que lle acheguen e un informe onde conste se foron admitidas ou, no seu caso, rexeitadas, indicando a razón do seu rexeitamento.
- d) Comunicar calquera modificación, suspensión ou vacante no cadro de persoal.
- e) Manter actualizados os sistemas de información que estean en funcionamento nos dispositivos.
- f) Coordinarse coas unidades de condutas adictivas do seu ámbito de actuación.

- g) Coordinarse con outros centros, servizos e programas recollidos dentro do Plan de Galicia sobre Drogas, co fin de asegurar a programación homoxénea dos mesmos.
- h) Someter á consideración técnica da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial calquera programa ou intervención que, non estando contemplada dentro do documento que estableza os instrumentos de planificación en materia de, incorporación social de trastornos adictivos, vai poñer en marcha o equipo técnico específico. Para tal fin a dirección técnica deste equipo presentará o programa a desenvolver e constará como mínimo dos seguintes apartados:
 - a. Denominación do programa.
 - b. Xustificación da actuación.
 - c. Descrición do programa: metodoloxía.
 - d. Desenvolvemento programático: obxectivos xerais e específicos, poboación destinataria, difusión prevista, recursos humanos e materiais, mecanismos de coordinación, desglose de actividades, cronograma, orzamento e avaliación prevista.
- i) Axustarse á lei de protección de datos e as instrucións do Servizo Galego de Saúde sobre esta materia.

CUARTA.- Para o cumprimento deste convenio, o Servizo Galego de Saúde comprométese a achegar a cantidade de vinte e catro mil cento oitenta e catro euros (24.184,00 €) con cargo a aplicación orzamentaria 5001.413A 481.07, co código de proxecto 201400027, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

QUINTA.- A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei de subvencións de Galicia.

SEXTA.- A contía indicada na cláusula cuarta farase efectiva do seguinte xeito:

Logo da sinatura do convenio, poderase efectuar un pago anticipado do 10% do importe total do convenio, logo da presentación por parte da asociación dunha memoria coa descrición do programa de actividades que se van realizar durante a vixencia do convenio e sempre que a actividade comezase previamente á sinatura do convenio, segundo se indica na terceira cláusula, punto h, deste convenio.

En canto as cantidades non anticipadas, deberán pagarse no prazo dun mes dende a presentación dunha memoria enumerando as actividades xa realizadas obxecto de convenio.

Poderanse realizar pagamentos parciais até un máximo do 80% do importe total deste convenio (incluído o anticipo), a conta da liquidación definitiva e segundo se desenvolvan as actividades do programa, achegando orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de pagamento ocasionados polo desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos.

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva até que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada engadíndose, o importe do anticipo a conta, se é o caso.

De acordo co artigo 65.4 do Regulamento, os pagos anticipados e os pagos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

SÉTIMA.- A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, achegando a seguinte documentación:

- a) Orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gastos ocasionados e pagos realizados no desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos.
 - b) Declaración das actividades realizadas e financiadas con este convenio indicando o custo repercutido para a entidade.
 - c) Certificación da Asociación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento de actividades obxecto deste convenio e que foron debidamente aboados.
 - d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.
1. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.
 2. Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia e realizados no desenvolvemento do obxecto deste convenio. Para estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os realizados dende o 1 de decembro do ano 2015 ata o 30 de novembro do 2016.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a

realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

A xustificación dos gastos deberá presentarse con anterioridade ao 15 de decembro do 2014. De conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aos efectos deste convenio, considéranse gastos realizados os que foran efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación e aqueloutros gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo.

3. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente.
4. A documentación xustificativa dos gastos ocasionados e pagos realizados dirixirase á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial, que emitirá informe favorable de ser conforme.
5. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

OITAVA.- Con data límite do 31 de xaneiro de 2017, a asociación deberá achegar á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial unha memoria final sobre a totalidade das actividades obxecto deste convenio desenvolvidas ao longo do ano 2016, segundo o modelo que se xunta como **Anexo** a este convenio.

NOVENA.- Constituírase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dous representantes do Servizo Galego de Saúde.
- Dous representantes da Asociación.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o presidente do Servizo Galego de Saúde será o competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA.- Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, en todo o que non se opoña á lei.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da asociación “ANTONIO NOCHE” que realicen as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO SEGUNDA.- Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que atenderse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega e co previsto no Decreto 132/2006,

do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio na súa páxina web oficial e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

DÉCIMO TERCEIRA.- A asociación prestaralle colaboración e facilitaralle tanta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO CUARTA.- O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

DÉCIMO QUINTA.- Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

E en proba de conformidade asínase polas partes este convenio en cuadriplicado exemplar, no lugar e data enriba sinalados

Polo

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Pola

ASOCIACIÓN “ANTONIO NOCHE”

Asdo.: Jesús Vázquez Almuiña

Asdo.:

ANEXO

MEMORIA

1. Características básicas do dispositivo: data de inicio do funcionamento do centro, fotocopia cotexada do CIF, concellos de referencia, habitantes de referencia segundo os datos do INE a mes de xaneiro do ano en curso, organigrama, horario de funcionamento do centro, ubicación, número de despachos.
2. Cadro de persoal: especificar cada unha das persoas que colaboren coa asociación, indicando o nome, horas semanais traballadas (diferenciando entre horas asistenciais e de xestión se son clínicos), posto desempregado, titulación académica, salario mensual sen complementos, trienios, retribucións complementarias, tipo de contrato.
3. Actividades realizadas:
Usuarios atendidos no ano natural, especificando o numero de homes e mulleres.
Número de reunións de coordinación con dispositivos da rede de saúde mental.
Programas de incorporación social: data, denominación, descrición, poboación diana, poboación acadada se procede.
4. Balance de ingresos e gastos:

Ingresos:
 - Informe que inclúa a contía de tódalas axudas económicas recibidas e a súa orixe e data de percepción (subvencións, doazóns e legados).
 - Débedas con entidades de crédito.
 - Ingresos e beneficios, se é o caso, de exercicios anteriores.
 - Ingresos por cotas de socios.
 - Outros ingresos: ingresos financeiros, por actividades de recadación.
Gastos:
 - Gastos de persoal: retribucións básicas e complementarias, cotas á seguridade social, gastos de formación ao persoal, gastos de viaxes.
 - Gastos de mantemento: arrendamento/aluguer, reparación e conservación, contratación de servizos, transportes, primas de seguros, subministracións, material de oficina, limpeza, traballos realizados por outras empresas.
 - Tributos.
 - Gastos e perdas de exercicios anteriores.
 - Especificar outros gastos: financeiros, amortización de débedas.
5. Reclamacións presentadas polos usuarios: xuntar copia de tódalas reclamacións achegadas polos usuarios no libro de reclamacións e as respostas ás ditas reclamacións.
6. Cubrir as fichas de indicadores remitidas dende a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial.